

CONVENIO ESPECÍFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con **CIFP Manuel Antonio de Vigo** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue ata o 07 de xuño de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e o CIFP Manuel Antonio de Vigo para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo, dirixido ao alumnado de formación profesional específica.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación foi constituída como entidade sen ánimo de lucro, de interese galego, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. Está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese galego co número 73.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de



Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación. Conforme aos seus estatutos, entre as súas actividades fundacionais atópanse, entre outras, as seguintes;

“- As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

- Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

- As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interregional e a colaboración pública e privada.”

En cumprimento dos seus fins sociais, a FUNDACION colabora con entidades formativas que promovan a aprendizaxe cultural en todas as súas vertentes, que favorezan o emprendemento, así como o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

